

CONCURSO DE CARTEIS

63ª FEIRA DO VIÑO DO RIBEIRO - 2026

I. TEMA:

D.O. Ribeiro. Feira do Viño do Ribeiro

Trátase de aludir á renovación, o rexurdir e a reinterpretación da Denominación de Orixe máis antiga de Galicia. Un evento con adegas que ofrecen viños de calidade, viños de paisaxe e territorio.

II. PARTICIPACIÓN:

Aberta a deseñadores e artistas profesionais, podendo presentar unha obra, sendo condición indispensable que sexa inédita.

III. FORMATO:

O tamaño do orixinal será un A3 (297 x 420 mm), sempre en posición vertical.

IV. PRESENTACIÓN E ENTREGA:

Os carteis presentaranse en soporte informático en **archivo .jpg ou .png** en alta resolución (mínimo **300ppp**).

Ademais, a obra enviarase en formato 297 x 420 mm ao e-mail: malena@ribeiro.wine. Se algún participante quixera entregar a súa obra impresa poderá facelo no enderezo:

C.R.D.O. Ribeiro

Avda. Redondela, 3 2º

32.400 Ribadavia (Ourense)

Indicarase nome e apelidos, enderezo, número de teléfono, así coma un breve Currículo Vitae profesional do autor da obra.

A data límite de recepción será o xoves 22 de xaneiro de 2026.

V. TEXTO:

A obra deberá conter o seguinte texto de modo destacado na composición:

63ª Feira do Viño do Ribeiro

Ribadavia

1, 2 e 3 de maio de 2026

Declarada de Interese Turístico

VI. TÉCNICA:

Poderán realizarse con calquera técnica pictórica, informática, fotográfica, etc.

Libre. Os carteis deseñados en ordenador deberán ter **unha resolución de 300 ppp**, a **un tamaño real de 297 x 420 mm**.

No caso de resultar gañador, o autor deberá aportar o correspondente soporte dixital en

formato vectorial para incluír os logotipos dos organizadores e colaboradores.

VII. PREMIOS:

Concederase un **ÚNICO PREMIO de 1.000 € (IVE incluído)**.

A selección do cartel gañador terá lugar na segunda/terceira semana de febreiro en Ribadavia.

A obra premiada quedará en propiedade do C.R.D.O Ribeiro.

VIII. EXPOSICIÓN:

Todos os carteis presentados estarán expostos na Casa da Cultura de Ribadavia, entre os días 29 de xaneiro e 8 de febreiro de 2026 para a súa preselección polo público. Desta quenda saíran preseleccionados 20 carteis que pasarán á rolda final.

As obras físicas non premiadas poderán ser retiradas a partir da clausura da Exposición na Sede do Consello Regulador nun prazo de 30 días. Pasado dito prazo, as obras non recollidas destruíranse.

IX. XURADO:

O xurado profesional estará composto por varias persoas relacionadas co mundo da arte e do deseño, así como pola Presidenta do Consello Regulador e o Alcalde de Ribadavia ou persoas nas que deleguen e escollerán a obra gañadora de entre as 20 preseleccionadas polo público en xeral. O xurado poderá falar co autor da obra por se fose preciso facer algunha pequena modificación na creación.

O fallo do concurso farase público na segunda/terceira semana de febreiro.

O veredicto do xurado será inapelable. Así mesmo, o concurso poderase declarar deserto en caso de non alcanzar a calidade desexada nos carteles presentados.

X. CESIÓN DE DEREITOS:

O gañador, polo mero feito de participar acepta expresamente ceder ao C.R.D.O. Ribeiro, en exclusiva e con facultade de ceder a terceiros, todos os dereitos de propiedade intelectual sobre os traballos presentados a Concurso incluíndo, a título enunciativo e non limitativo, os dereitos de reprodución,

Estas bases poden consultarse en: www.ribeiro.wine e www.feriavinoribeiro.com

Máis información: **T. 988477200 (Malena)**

distribución, aluguer, posta a disposición do público de copias, comunicación pública, transformación, dobraxe e/ou subtitulado, durante todo o prazo de duración dos mesmos, para todo o mundo e para a súa explotación a través de calquera sistema, formato ou modalidade de explotación, nos termos máis amplos admitidos en dereito.

A mera participación no concurso supón o consentimento dos autores para que sen contraprestación económica os traballos ou fragmentos dos mesmos poidan formar parte da exposición de carteis, algún soporte audiovisual ou impreso, do material documental que se edite con motivo da FVR.

Igualmente a presentación ao concurso implica, en caso de ser gañador, a cesión expresa de todos os dereitos de imaxe que poidan existir sobre as súas obras, de forma que o participante cede ao Consello en exclusiva, os dereitos de explotación de natureza, industrial e/ou de imaxe que puideran corresponderlle ou derivar das obra para participar no concurso con facultade de cesión a terceiros, indefinidamente, para todo o mundo.

O Consello comprométese a indicar o nome do autor e respectar os demais dereitos morais que correspondan ao autor, cada vez que se faga uso da obra, sempre de acordo cos límites da cesión recollida nas presentes bases. A obra gañadora será asinada polo autor antes de ser enviada á súa impresión.

Os concursantes serán responsables dos contidos dos traballos e declaran que non existen dereitos de terceiros nos traballos presentados, ou que en caso de existir, contan coas correspondentes autorizacións expresas e por escrito para a súa utilización a través das obras e con facultades suficientes para a súa cesión a terceiros, incluídos os dereitos de imaxe das persoas que puideran intervir nos traballos. Os concursantes responsabilizaranse sempre e en todo caso de calquera posible reclamación que xurda pola utilización dos mesmos, incluída toda reclamación por dereitos de imaxe.

O feito de participar neste concurso supón a aceptación total destas bases, **nas que se inclúe a entrega dunha factura polo importe do premio ao C.R.D.O. Ribeiro. En caso do seu incumprimento, descartarase a obra presentada.** A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nestas bases corresponderá ao Consello quen resolverá co mellor criterio, sen que proceda recurso algún.

XL. PROTECCIÓN DE DATOS:

Mediante a facilitación dos seus datos persoais incluídos neste concurso, autoriza que os datos sexan incorporados a un ficheiro do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro e que será utilizado para a xestión do concurso, así como para informarlle das actividades realizadas polo Consello e outros concursos e sorteos que poida organizar. Informámoslle de que en caso de resultar gañador do concurso, os seus datos serán publicados na nosa páxina web. Por outra parte lle informamos de que conta cos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que poderá exercer por escrito en Avda. Redondela, 3 2º 32400 Ribadavia, Ourense ou por correo electrónico no seguinte e-mail info@ribeiro.wine.

En Ribadavia, 18 de decembro de 2025

D^a. Concha Iglesia Pousa
Presidenta do C.R.D.O. Ribeiro



Ribeiro

Esencia Galega

D. César Manuel Fernández Gil
Alcalde do Concello de Ribadavia



RIBADAVIA
Concello

Estas bases poden consultarse en: www.ribeiro.wine e www.feriavinoribeiro.com

Máis información: **T. 988477200 (Malena)**